

RESOLUCIÓN DO 16 DE FEBREIRO DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE INTERROMPE TEMPORALMENTE A TRAMITACIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 30 DE NOVEMBRO DE 2023 (DOG nº 230, DO 4 DE DECEMBRO DE 2023) POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN DIVERSAS CATEGORÍAS

A Resolución do 24 de maio do 2022 do Director Xeral da CRTVG (DOG núm. 103, do 31 de maio), aprobou a oferta de emprego público correspondente a prazas de laboral fixo da CRTVG para o ano 2022.

Pola Resolución do 30 de novembro do 2023, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., convocouse o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura de 13 prazas como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

Pola Resolución do 29 de decembro de 2022 convocouse o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de acceso libre, mediante o sistema de concurso para a cobertura de 255 prazas como persoal laboral fixo.

Con data 13 de febreiro de 2024, un grupo de persoas traballadoras da Corporación RTVG solicitou a suspensión do proceso mentres non se resolva o proceso excepcional de estabilización.

Con data 15 de febreiro de 2024, e a petición do Comité Intercentros, ese órgano de representación das persoas traballadoras da Corporación RTVG foi oído con respecto á posibilidade de concederse un aprazamento.

Visto todo o anterior, cómpre realizar as seguintes consideracións:

Analizado o contido do escrito presentado, e a posición ao respecto expresada polo Comité Intercentros, enténdese que a interrupción temporal do proceso selectivo convocado mediante concurso-oposición non causa prexuízo algún a terceiros e beneficia substancialmente a xestión do proceso excepcional convocado polo sistema de concurso de méritos.

Non parece razoable que un colectivo de 255 persoas aspirantes que vai a obter praza no proceso selectivo excepcional se vexa paralelamente obrigado a preparar a fase de oposición por estarse a tramitar ámbolos dous procedementos no mesmo lapso temporal.

Así mesmo a interrupción do presente proceso selectivo convocado polo sistema de concurso-oposición, permitirá que o proceso excepcional continúe o seu curso sen entrelazarse coa convocatoria sobre a que se solicita a suspensión. Pódese tamén acoller a argumentación de que non parece razoable que calquera das persoas admitidas no proceso selectivo convocado mediante o sistema de concurso-oposición se vexa obrigada a preparar os temarios no prazo de 40 días hábiles regulado nas bases da convocatoria, sobre todo, cando non están publicadas as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

Como elemento adicional de apoio á solicitude de interrupción temporal do proceso está o feito de que as persoas que acaden praza no proceso excepcional non concorreran ao proceso convocado mediante concurso-oposición o que beneficiará tanto as persoas aspirantes como a propia Corporación que pretende acadar a estabilidade no emprego mediante a cobertura de todas as prazas ofertadas nos procesos selectivos convocados.

En consecuencia e, en virtude das razóns expostas, a Dirección Xeral da Corporación RTVG, **interrompe temporalmente** o proceso selectivo convocado pola Resolución do 30 de novembro de 2023, e anunciado no DOG do 4 de decembro de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo pola quenda de acceso libre mediante o sistema de concurso-oposición para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías nos seguintes termos:

PRIMEIRO. A interrupción temporal prodúcese con efectos do día 16 de febreiro de 2024.

SEGUNDO. Enténdense interrompidos todos os trámites con excepción da publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas e o prazo de presentación e resolución de recurso contra as mesas.

TERCERO. A interrupción temporal estenderase ata a data que as Comisión de Valoración do proceso excepcional eleven as propostas de listaxes de persoas aprobadas ao órgano competente.

CUARTA.- A interrupción temporal quedará sen efecto mediante a publicación dunha resolución expresa da Dirección Xeral da Corporación RTVG.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro do 2024

O Director Xeral da CRTVG

  CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo